

O modelo económico e político do Capitalismo e Neoliberalismo fracasou, social e ecoloxicamente. O capitalismo pretende seguir aumentando as súas grandes fortunas recortando os nosos dereitos, salarios e prestacións sociais; e intentando que traballemos máis horas e anos por menos diñeiro. Esta é a súa forma desapiadada de crear emprego. Debemos demostrar a quen realmente ten a culpa desta crise e ás súas marionetas, "a clase gobernante", que somos a maioría da sociedade: desempregados, estudantes, traballadores, xubilados, autónomos quen, co noso traballo e consumo, mantemos o modelo actual e o podemos cambiar.

Estamos cansos de sufrir a súa dobre rapadoira:

. Mentres nos piden esforzos económicos con maiores impostos e austeridade salarial, as súas grandes fortunas seguen aumentando escandalosamente. Directivos e conselleiros do IBEX 35 teñen un salario medio de 1 millón de Euros, mentres que en Wall Street seguen incrementando os seus salarios que, en conxunto, son maiores ao Produto Interior Bruto de España.

. Á vez que piden abaratar aínda máis o despedimento, blíndanse os contratos percibindo indemnizacións millonarias (9,1 millóns de euros custou o despedimento dun directivo en Galletas Gullón, por exemplo).

. Pidennos moderación nas pensións, pero Emilio Botín (do Santander) ou Francisco González (do BBVA) adxudicáronse unhas pensións de 24,6 e 79,8 millóns de Euros.

. Recortan dereitos sociais e soben os impostos que afectan á maioría da cidadanía (IRPF, IVE), pero non toman ningunha medida para que quen causou esta crise colabore na súa resolución facendo que pague máis de verdade, quen máis ten.

Pola repartición do traballo e da riqueza.

Repartir o traballo traballando menos para traballar todos, reducindo para iso a xornada laboral sen diminución de salario, eliminando as horas extraordinarias e os axustes, adiantando a idade de xubilación e excluíndo a intermediarios como as subcontratas ou as ETTs.

Repartición da riqueza, entendendo esta repartición non como accións ou dividendos entre a poboación, senón empregando ese diñeiro nuns servizos públicos de calidade e con carácter universal para que poidamos gozalos os que realmente producimos dita riqueza.

Contra a Reforma Laboral e a Reforma das Pensións, polo mantemento do poder adquisitivo para asalariados e pensionistas, por un novo modelo social e produtivo sostible cuxos beneficiarios sexamos as persoas e non os mercados.

Despois do 29-S? 21 de decembro, FOLGA DE CONSUMO CONTRA O CAPITALISMO"

FOLGA DE CONSUMO


21 de Decembro de 2010

SACA A

COMPRA

DO

CESTO



Polo reparto do traballo e a riqueza



Confederación Xeral do Traballo